



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- E a de San José, de San José como era a novena de San José, o canto da novena?

Ai, de San José, a de San José nunca a lín. E mais aínda a sentín cantar...(...) Pero... despois acórdome o que lle contestabamos nós atrás ó cura, pero o que decía o cura... non me acordo. Que el cantaba moi ben, el lía polo libro pero cantaba na cima da igrexa e nos no fondo respondíámoslle, eu, máis miña irmán, máis aquela patroniña -ela, pobriña, pouco cantaba que era vella coma eu hoxe, pero resmoneaba namáis.

- E como era?

Ela empezaba así:

Ó José venturoso,
ay, donde el mismo Dios
desde tu excelso trono
benigno míranos.

Eso era o que lle tiñamos que responder nós ó cura. Pero os pés que decía o cura son os que non me acordan.

- E a música do cura acórdaste?

A música, non tocaba música ningunha.

- Pero o canto que daba el. Como cantaba o cura?

O cura, cantaba noutro tono.

- E acórdaste do tono ese?

Acórdome que dicía... O acabar un pe que o cantaba... Tus divinas plantas... Non me recorda. Non me recordo.